


CELEBRACIÓN EN OS COTOS

30-31 de agosto do 2025

XXII SEMANA DO TEMPO ORDINARIO C



Os COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,
E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

♪ **nº 3 Unha xuntanza de amor**

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

Con demasiada frecuencia competimos buscando os primeiros postos, querendo os mellores lugares. Pero buscar o sitio propio non é doado, porque unhas veces non queremos ocupalo para non complicarnos a vida, e outras veces buscamos un lugar que non é o noso para escondernos no aparentar.

Non estamos libres na vida da igrexa deste competir en carreira cos demais, para ter os mellores postos.

Con Cristo non vale querer quedar ben, el, pola contra, convida a que o fagamos ben cos pobres, coxos, eivados e cegos.

Que diferente é vivir querendo quedar ben cos grandes, a vivir querendo facelo ben cos pequenos e necesitados. Celebremos agora que non competimos, máis ben compartimos.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante: *Camiñar da man de Xesús é deixar atrás as apariencias e o competir, pero non sempre somos así na nosa sociedade de benestar e querer quedar sempre ben, por iso vale a pena agora pedir perdón:*

Monitor/a

- ✓ Moitas veces sentímonos tentados a ver nos demais competidores e non irmáns. Señor, non nos deixes caer na tentación
- ✓ Moitas veces sentímonos tentados de vivir a fe para distanciarnos dos outros, aparentando santidad. Cristo, non nos deixes caer na tentación
- ✓ Moitas veces sentímonos tentados a crer que para estar cerca de Ti, a comunidade é un estorbo. Señor, non nos deixes caer na tentación

Celebrante: *Deus, Pai agarimoso, ten piedade de nós, dos que teñen un lugar no noso corazón e na nosa vida, dos que se senten marxinados. A todos nos concede o Señor o perdón dos pecados, e a todos, por Cristo, confiamos que nos leva á vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración presentándolle a Deus no silencio as nosas intencións para esta semana.*

(Silenzo)

Celebrante:

Deus santo, todo o que é bo ten en ti a súa fonte. Axúdanos co teu Espírito para darmos exemplo do teu amor coas nosas palabras e os nosos feitos.

Axúdanos tamén para achegarnos aos homes e mulleres que hoxe se senten marxinados e desprezados por pensar, vivir ou crer diferente.

Pedímoscho por Xesucristo que vive e reina por sempre eternamente. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante: *A lectura que agora imos proclamar amosa que a grandeza da vida non está nas cousas que se teñen. A grandeza está na humildade.*

No evanxeo, Xesús, ensínanos o diferente que é vivir querendo quedar ben cos grandes, a vivir querendo facelo ben cos pequenos e necesitados. A grandeza non está en ser os primeiros, está máis ben en acompañar aos últimos. escoitemos.

No Lecc I C páx 242 **Eclo 3, 19-21. 30-31** LECTURA

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NO LIBRO DO ECLESIÁSTICO

Meu fillo, cando sexas rico procede modestamente e virás a ser máis amado que o que fai moitos agasallos; faite pequeno diante das grandezas do mundo e encontrarás favor onda Deus.

Non vaias á procura do difícil de máis para ti, nin pescudes o que te supera; non corras a sandar a ferida do burlón; non ten cura pois é grelo de planta cativa.

A mente sabia comprende os ditos dos Sabios, o oído atento á Sabedoría aledarase.

Palabra do Señor

🎵 *nº 18 Escoita ao Señor SALMO*



(en pé) *No Lecc I C páx 243 Lc 14, 1.7-14 EVANXEO*

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

Un sábado ía Xesús comer á casa dun xefe dos fariseos; e eles vixiábano. Decatándose de que os convidados buscaban os primeiros postos, contoulles unha parábola:

- Cando alguén te convide a unha voda, non te poñas no primeiro posto. Pode suceder que un máis distinguido ca ti tamén estea convidado e que veña o que vos convidou e che diga: "Déixalle o sitio a este", e cheo de vergonza teñas que ir para o derradeiro lugar. Ao revés, ti, cando te conviden, ponte de último, para que cando chegue o que te convidou che poida dicir: "Amigo, sube máis arriba". E quedarás moi ben diante de todos os convidados. Porque a quen se ten por moito, hano rebaixar e a quen se rebaixe hano enaltecer.

E díxolle tamén ao que o convidara:

- E ti, cando deas un xantar ou unha cea, non chames os teus amigos, irmáns, parentes ou veciños ricos; non sexa que eles te recompensen convidándote tamén a ti. Cando deas un banquete, convida os pobres, eivados, coxos e cegos; e serás ditoso, porque non te poden recompensar; pero xa se che recompensará na resurrección dos xustos.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio
para acoller a palabra no corazón

Que nos propón esta Palabra que vimos de escoitar?

Dinos Xesús que non busquemos os primeiros postos na vida, e que nos contentemos con poñerlle feitos á nosa fe.

E isto como se fai?

- * agradecendo o bo facer dos nosos maiores e coidando dos nenos e nenas aos que queremos dar bo exemplo
- * sendo e dando tamén bo exemplo de parroquia
- * esforzándonos pola paz máis alá das diferenzas
- * solidarizándonos con todas as persoas que por unhas ou outras razóns están deixadas de lado
- * fuxindo das apariencias e dos primeiros postos
- * sendo sinceros e proclamando a verdade
- * coidando esta terra que Deus pon nas nosas mans
- * rezando cos nosos veciños e veciñas como estamos a facer agora



7

PROFESIÓN DA FE

Celebrante *Despois de escoitar a túa Palabra queremos comprometernos Señor a levala á práctica na nosa vida por iso*

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Monitor/a:

Credes en Deus Pai e Nai,

que nos ofrece a vida como banquete compartido onde todos temos asento?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes en Xesús Cristo, o noso irmán maior,

que nos convida á procura do noso sitio no lugar dos últimos, no lugar onde El escolleu sentar?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes no Espírito Santo,

que nos alenta para sermos comunidade sensible ao proxecto do Evanxeo fuxindo do querer quedar ben aparentando?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes na Igrexa,

que quere esforzarse por peregrinar pobre e entre os pobres, como portadora da boa nova e construtora da benaventuranza de Deus?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

8

Celebrante: *Oremos a Deus Pai, que nos descubre en Xesús unhas actitudes que nos achegan. Oremos dicindo:*

ESCOITA SEÑOR A TÚA FAMILIA/

Monitor/a

- ✓ Pidamos por toda a igrexa que busca o seu posto no banquete da vida, para que nesa procura use os criterios do Señor: humildade e servizo, oremos
- ✓ Pidamos polas persoas que elixen construír a súa vida con apariencias, buscando os primeiros postos, aínda que sexa a costa de pisar aos demais, oremos
- ✓ Pidamos polas persoas que teñen a responsabilidade de gobernar, para que loiten pola dignidade dos pobos e non calen a falta de paz, oremos
- ✓ Pidamos polas nosas comunidades, para que os tempos que veñen, sexan ocasión de compromiso na construción dun mundo mellor, oremos
- ✓ Pidamos polos refuxiados tirados, polas vítimas de violencia e abusos, e por todas as persoas que merecen mellor lugar na vida, oremos

Celebrante: *Grazas Señor porque acolles as nosas preocupacións. Escoita a nosa voz e non deixes de amosarnos a beleza da vida ao teu lado, ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén*

3.- OS SIGNOS DA COMUNIÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *“Non nos deixes caer na tentación” imos rezar. Pidámoslle ao Pai que non nos deixe caer na tentación da aparencia, da soberbia e da fachenda, para vivir o gozo na nosa pequenez, pois é dos pequenos o Reino de Deus. Oremos como Xesús nos aprendeu:*

NOSO PAI ...

SIGNO DA PAZ



Celebrante: *Xesús acollía e transmitía paz e esperanza a todos. Coma El deamos nós vida ao EVANXEO fuxindo do aparentar e compartindo na igualdade cos últimos. Ensinóunolo Xesús, fixérono os discípulos, fagámolo nós tamén. Fagámolo escandalizados e avergonzados coa fame coa que se asesina en Palestina, e doídos cos lumes tan mal intencionados. As nosas mans queremos que sexan para PAZ.*

🎵 **Fagamos a paz irmáns**

COMUÑÓN

Celebrante: *A mesa do altar é a mesa onde non hai primeiros postos nin derradeiros, non se trata de sentar onda Deus, senón de deixalo sentar a El onda nós. O noso pequeno corazón é un primeiro posto para o Señor e quere sentar nel. Ditosos nós convidados a esta vida e a este pan do Señor.*

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

🎵 **Non vou só ou O pouco que Deus nos dá**

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor, que a mesa que temos compartido nos faga medrar no teu amor, para que poidamos servirte no noso próximo, con verdade e non aparentando.

Pedímoscho a Ti, que vives e reinas por sempre eternamente. Amén.

Xesús non se cansará de ensinarnos que facer comunidade é o camiño que nos achega a El.

Que as palabras coas que hoxe temos rezado non sexan para pretender quedar ben, e nos dean azos para vivir dende a tolerancia e o respecto.

Non esquezamos o diferente que é vivir querendo quedar ben cos grandes, a vivir querendo facelo ben cos pequenos e necesitados. Nós, fagámolo ben.



**“Non busques os primeiros postos,
non queiras ser o primeiro,
non procures honor.**

Porque a quen se ten por moito hano rebaixar”

Palabras de Xesús no evanxeo de hoxe

***Que teñamos un bo día, unha boa semana
e o Señor nos bendiga,† nos garde de todo mal
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén
Podémonos ir en paz. Dámoslle grazas a Deus***